



CONSULTA PÚBLICA previa á elaboración dunha ordenanza que regule o uso e o disfrute das praias do termo municipal de Redondela

De conformidade co disposto no art. 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e coa finalidade de que a cidadanía poida realizar aportacións e teña a posibilidade de emitir a súa opinión, ábrese un período de consulta pública de un mes un mes contado a partir da inserción do correspondente anuncio na Sede Electrónica municipal.

Calquera persoa ou organización representativa poderá utilizar esta canle para dar a súa opinión en relación coa elaboración dunha ordenanza que regule o uso e disfrute das praias do noso termo municipal, e en particular, sobre os seguintes puntos:

- a).- os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa
- b).- a necesidade e oportunidade da súa aprobación
- c).- os obxectivos da norma
- d).- as posibles solucións, alternativas regulatorias e non regulatorias

Documento asinado electrónicamente á marxe